

Motricidade

Fina



Introducir palliñas en buratos feitos nun tubo de papel hixiénico.



Debuxar as nosas mans en cartón e xogar a pintar as uñas con esmalte.



Ensartar macarróns (podemos pintalos primeiro) en espaguete cravados nunha esponxa ou plásti.



Con dous depresores intentamos pescar tapóns (imaxinamos que son peixes) nun recipiente cheo de auga.

Experimentos



Tinta invisible.
(Explicado no Anexo I)



Volcán de espuma.
(Explicado no Anexo I)



Mans limpas, mans sucias.
(Explicado no Anexo I)



Virus, auga e xabón.
(Explicado no Anexo I)

Arte



Realizamos distintos tipos de flores cun garfo e pintura.



Experimentamos coa mestura de cores. Só precisamos darlle a volta a unha mesa e papel film.



Pintura, auga, sopramos por unha palliña e creamos uns divertidos monstros ou "virus".




Decoramos unhas bonitas bolboretas con depresores e papel.

Lectoescritura



Practicamos as letras do abecedario nunha bandexa con azucre, lascas de afiar cores...



Con selos de letras e plastilina podemos escribir palabras (o noso nome, apelido...).



Caixa das letras.
(Explicada no Anexo I)



Ordeno as letras do nome dos compañeiros con pinzas de colgar a roupa.

Lóxica - matemática



Asociamos número - cantidade (do 1 ao 6) con estes castelos feitos con rolos de papel hixiénico.



Globos con números. Colocar o adhesivo da mesma cor enriba do número que corresponda.




Buscar obxectos na casa e clasificalos atendendo a súa forma xeométrica.



Xogar coa recta numérica feita en tapóns e intentar adiviñar que número falta.

Grafomotricidade creativa



Dividimos un folio en catro partes e practicamos diferentes grafismos.



Dados distintos grafismos colocamos enriba diferentes elementos que teñamos na casa.



Conxelamos pintura e realizamos grafismos ou un debuxo.



Pintamos liñas horizontais e verticais con coches.

Motricidade

Grosa



Imitando animais.
(Explicado no Anexo II)



Saltando pegadas.
(Explicado no Anexo II)




Túneles de cores.
(Explicado no Anexo II)




Seguindo as liñas.
(Explicado no Anexo II)

Xogos



Lanzamos arañas.
(Explicado no Anexo II)



Mariola.
Coa axuda de cinta elaboramos no chan o tradicional xogo da mariola.



Xogo dos bolos.
Reciclamos botellas que podemos decorar como máis nos guste e xogamos aos bolos.



A busca dos ovos.
(Explicado no Anexo II)

Relaxación



Practicamos Ioga en Youtube con Yogic. O noso preferido é "El cuento de las mariposas".



Creamos a caixa da calma para aprender a regular as nosas emocións. (Anexo II)



Marcamos nunha folla círculos, a modo de *mandala*, cun lapis e usamos bastonciños para decoralos coas cores do arco da vella.



Relaxación do lacasito. Atendemos a nosa respiración mentres escoitamos unha música relaxante.

Pasatiempos


APPELLIDOS: _____
FECHA: ___/___/___

SOPA DE LETRAS MEIOS DE TRANSPORTE

R	P	S	T	W	T	R	E	N	B
W	D	R	V	V	I	J	A	N	I
O	C	O	C	H	E	C	N	X	C
A	U	B	H	A	F	U	W	M	I
U	H	M	U	P	A	J	J	G	C
T	U	G	K	P	V	O	T	B	L
O	F	W	S	B	I	M	W	A	E
B	V	Z	Y	R	O	B	Y	R	T
U	L	L	N	U	N	Q	J	C	A
S	Y	X	K	O	R	X	F	O	L



Sopa de letras



Encuentra las
5 diferencias




Atopas as 5 diferencias



Pai fillo nai

Sudoku



Sudoku con legumes, pezas de construción...

O noso diario



Cada día debuxo o tempo atmosférico, escribo ou repaso a data. (Ver Anexo II)



Tamén podemos debuxarnos e escribir o noso nome.



Escribimos ou debuxamos as cousas que facemos cada día, o que comemos...



Debuxo o meu momento favorito do día.

Anexo I

Experimentos

- **TINTA INVISIBLE:** Facemos mensaxes secretas que solo os mellores investigadores/as poderán resolver.

PASOS A SEGUIR:

1. Esprememos o limón para obter o seu zume, vertémolo nun recipiente. Engadimos unha cullerada de auga.
2. Mesturamos ambos ingredientes coa axuda do pincel ou bastonciño.
3. Escribimos nun folio en branco a mensaxe que queiramos.
4. Poñemos unha vela debaixo (sen poñer o papel moi cerca, senón podemos queimalo) e descubrimos a mensaxe que hai escrita. **OLLO:** facer coa axuda dun adulto.

- **VOLCÁN DE ESPUMA:**
Converteremos a espuma do xabón en lava de volcán.

PASOS A SEGUIR:

1. Enche $\frac{1}{4}$ do recipiente con vinagre e colócao sobre unha bandexa.
2. Engade unhas gotas de colorante.
3. Ponlle un chorriño de xabón e remove.
4. Engade unha cullerada de bicarbonato e espera a ver como o teu volcán entra en erupción

- **MANS LIMPAS, MANS SUCIAS:**
Experimentos moi doados para tomar conciencia da importancia de lavarnos as mans e telas limpas.

PRECISAMOS:

- Pincel
- Papel branco
- 1 limón
- Auga
- Vela

PRECISAMOS:

- Frasco de vidro
- Xabón de fregar a louza
- Vinagre
- Bicarbonato
- Colorante alimentario (opcional)
- Bandexa

PASOS A SEGUIR:

1. Collemos e tocamos por todas partes un anaco de pan de molde coas mans limpas (recen lavadas con auga e xabón).
2. Collemos e tocamos por todas partes un anaco de pan de molde coas mans sucias (despois de estar xogando por exemplo).

Gardamos cada anaco de pan nunha pequena bolsa transparente. E basta con esperar durante uns días para ver os cambios que experimenta o pan. Os nenos/as quedarán asombrados dos virus que podemos levar nas mans cando pensamos que están limpas.

• VIRUS, AUGA E XABÓN

PASOS A SEGUIR:

1. Enchemos o fondo dun prato con auga. Procuraremos que sexa un prato branco para ver mellor o efecto.
2. Collemos un bote de pementa negra e botámola sobre a auga ata cubrir a superficie.
3. Tocamos co dedo da man, sen lavar, e veremos como algún grao de pementa incluso se nos queda pegada ao dedo.
4. Botamos na xema do dedo un pouco de xabón de lavar a louza e pousamos o dedo no centro do prato. Observaremos como a pementa se apartará aos bordes do prato formando un aro negro.

Iso mesmo ocorre coas nosas mans cando as lavamos, que os virus escapan ante o contacto coa auga e o xabón .

Lectoescritura

• CAIXA DAS LETRAS

Buscamos unha caixa e a decoramos moi chula, dentro metemos papeis con todas as letras.

1. Sacamos unha letra da caixa (podemos facer unha ao día).
2. Buscamos obxectos na casa que teñan como inicial esa letra.
3. Eliximos un par deses obxectos, debuxámoslos e escribimos o seu nome, contamos as súas letras e palmeamos o número de sílabas.

Anexo II

Motricidade Grossa

- **IMITANDO ANIMAIS:** Copiamos os movementos de diferentes animais. Por exemplo: saltamos como canguros, camiñamos como cangrexos ou reptamos como serpes.
- **SALTANDO PEGADAS:** Facemos pegadas coa axuda de cartolina, cartón ou folios. Colocámolas en diferentes posicións. Saltamos dunhas a outras tendo en conta o xiro que debemos facer para colocarse ben. Podedes tamén alternar o salto, un pé, dous pés.
- **TÚNELES DE CORES:** Creamos pequenos túneles coa axuda de folios (poden ser brancos ou de cores). Pegamos con celo as esquinas ao chan. Lanzamos pequenas pelotas (coa man ou co pé) intentado que pasen polos túneles.
- **SEGUINDO AS LIÑAS:** Pegar no chan diferentes percorridos con cinta que deberán ir seguindo sen saírse. Poden aumentar a dificultade tratando de levar co pé unha pelota.

Xogos

- **LANZAMOS ARAÑAS:** Elaboramos unha tea de araña con velcro e con feltro ou pompóns de cores facemos as arañas. Consiste en lanzar as arañas, dende unha distancia previamente marcada, tratando de chegar ao centro da tea de araña.
- **A BUSCA DOS OVOS:** escondemos ovos de chocolate pola casa, ovos de debuxo para colorear ou ovos de plástico con algunha sorpresa dentro. Poñemos pistas para atopalos do tipo:

pista #1



un coello moi saltarín un ovo deixou alí.



se o queres atopar, nos teus roquetes debes buscar.



pista #2



este coelliño é moi pillabán, pois aquí nos roquetes non está. cara a coziña tes agora que camiñar e entre a súa comida favorita debes mirar.



pista #3



entre estas cenorias nada vas atopar o coelliño traveso con nós está a xogar.

ao baño vai sempre despois de cear, pois sabe que os dentes limpos debe deixar.



pista #4


outra vez nos está a enganar, pero pode que canso comece a quedar. na cama xa se foi deitar, mira na almofada a ver se alí vai estar.



pista #5



parece que o coelliño non pode aínda durmir coas súas grandes orellas, algo está a oír no salón unha música está a tocar, corre ata alí e comenza ti a bailar. o coelliño contento xa vai marchar e as grazas por xogar che quere dar.



pista #6



si que é verdade que un ovo agochado está.

no salón debes buscar ota que o consigas atopar.



Cun cartón de leite podemos facer a nosa propia cesta para ir na procura dos ovos. Podemos ir deixando con cada pista un agasallo ou xuntalos todos como premio final.

Relaxación

• CAIXA DA CALMA

Algún dos elementos que podedes incluír na vosa caixa da calma son os seguintes: caderno e pinturas, contos relacionados coas emocións, botella da calma (podedes facer a vosa na casa), cartas con posturas de ioga, plumas para facer cóxegas, plastilina, mandalas para colorear, pelotas antiestrés, pompeiro, apósitos co nome das emocións...

O noso diario

DÍA DE LA SEMANA:	<input type="text"/>	
DÍA:	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	HOY	MAÑANA
DEL MES DE:	<input type="text"/>	
	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	MI NOMBRE	HOY HACE